



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021 (1045/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez (on line)
D. Carlos López Font (on line)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de xullo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, asiste de xeito on line o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(599).- APROBACIÓN ACTAS: Apróbase a acta da sesión ordinaria e sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2021.

2(600).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA, "PROXECTO ELA ESTUDA POR DOIS" (CABO VERDE). EXPTE. 220445/301.

Visto o informe de fiscalización de data 13/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/06/2021, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto da Área, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 24.06.2021 (Docums. núms. 210113500 e 210114339), a «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto: *“Estrategia de apoio en el contexto Covid 19 para estudiantes embarazadas, puérperas y madres de las escuelas beneficiarias del Proyecto Ela Estuda por Dois (Cabo Verde)”*, co que se pretende previr o abandono e o fracaso escolar destas mulleres estudantes en catro escolas secundarias da Illa de Santiago, en Cabo Verde.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa coa sinatura da Directora xeral da Fundación, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., escritura de constitución da Fundación, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 29.06.2021, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Tal como resulta da documentación achegada e da Orde ECD/287/2012, do 3 de febreiro, pola que se inscribiu no “Registro de Fundaciones” a «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA», (BOE nº 43, do 20.02.2012), esta entidade foi constituída o 19.10.2011 en escritura pública outorgada perante o notario de Madrid, D. Juan Bolas Alfonso, que foi subsanada por outra de data 31.01.2012 perante o mesmo notario autorizante.

III.2. De acordo cos Estatutos que rexen esta Fundación sen ánimo de lucro, de interese xeral e carácter particular, os seus fins son: *«El interés educativo, cultural, sanitario, de cooperación al desarrollo, de fomento de la economía social y de promoción y atención a las mujeres africanas, con el fin de promover, a través del empoderamiento y la igualdad de derechos y oportunidades de las mujeres, el desarrollo y el progreso del continente africano»* (Art. 1.2 Estatutos).

III.3. A implementación dos fins desta Fundación realizarase a través de actuacións tales como a elaboración, dirección e execución de proxectos de desenvolvemento educativo, sanitario, económico e social e a preparación e edición de libros, revistas, publicacións, etc., para a difusión das ideas que constitúen o seu fin (Art. 8.1, Estatutos).

III.4. O cumprimento dos seus fins fundacionais poderá levarlos a cabo a través de diferentes medios e instrumentos, entre os que se cita expresamente a solicitude de apoios, axudas e subvencións das Administracións públicas (Art. 7.2, último pfo., Estatutos).

III.5. Segundo se informa no proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» (pp. 4-6 Prox. “Estrategia de apoio en el contexto Covid 19 para estudiantes embarazadas, puérperas y madres de las escuelas beneficiarias del Proyecto Ela Estuda por Dois (Cabo Verde)”):

«Durante el año académico 2019-2020 fue implementado el proyecto Ela Estuda por Dois, una iniciativa del Instituto Cabo-verdiano para la Igualdad y Equidad de Género (ICIEG) junto con el Ministerio de Educación (ME), que contó con el financiamiento de la Fundación Mujeres por África y del Concello de Vigo, España. Este fue un proyecto-piloto que benefició a 4 escuelas secundarias de la isla de Santiago, dos del medio urbano y dos del medio rural, concretamente: Liceo Domingos Ramos (Praia), Liceo Amílcar Cabral (Santa Catarina de Santiago), Escuela Secundaria Luciano Garcia (São Lourenço de Órgãos) y Escuela Secundaria Alfredo da Cruz Silva (Santa Cruz). Los resultados de este proyecto fueron: a) un diagnóstico sobre los desafíos para garantizar la permanencia de las alumnas embarazadas y madres en la escuela, y para afianzar sus derechos a una educación de calidad y a la igualdad de oportunidades; b) una Guía de Recomendaciones para las escuelas acompañada de materiales de socialización en relación al Decreto-Ley 47/2017 y a los contenidos de la Guía. Actualmente las cuatro escuelas están implementando la Guía de Recomendaciones. Conforme los resultados del diagnóstico elaborado en el marco del proyecto Ela Estuda por Dois, tanto el profesorado como el alumnado estuvieron de acuerdo en que la falta de condiciones económicas es la principal causa para que las alumnas suspendan la matrícula o abandonen la escuela. Del mismo modo, tanto en los grupos focales como en las entrevistas realizadas con alumnas embarazadas y madres, resaltaron que muchas veces se encuentran con dificultades económicas que condicionan su permanencia en los centros de enseñanza, ya que no consiguen pagar el transporte, la matrícula o el uniforme (...) Adicionalmente, el contexto actual no puede ser entendido sin tener en cuenta la influencia y las consecuencias del coronavirus – Covid-19. La pandemia impacta de forma diferente a mujeres y hombres debido a las desigualdades de género previamente existentes en los sistemas de salud, a nivel económico, socio-cultural y comportamental. El programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo, PNUD, UNFPA y ONU Mujeres alertan que la crisis del Covid-19 nos afecta a todos y todas; sin embargo, mujeres y niñas están siendo impactadas de diferente forma y podrían enfrentar riesgos económicos, sanitarios y sociales desproporcionados, exacerbando las desigualdades de género existentes. También alertan que el Covid-19 puede tener consecuencias económicas serias y de largo alcance para mujeres y niñas, y esos impactos deben ser reconocidos, prevenidos y mitigados. En el caso específico de las estudiantes embarazadas, puérperas y madres el impacto del Covid-19 a nivel económico incrementa las probabilidades de que estas abandonen los estudios y reduce la probabilidad de que vuelvan a la escuela...».

III.6. No ano 2013 aprobouse en Cabo Verde o “Estatuto do neno e do adolescente” (ECA), promulgado o 26 de decembro mediante a Lei 50/VIII/2013, no que se indica (Art. 47) que: «A nena / adolescente embarazada non pode ser incentivada a interrumpir os estudos ou a abandonar a escola»; disposición desenvolvida polo posterior Decreto 47/2017 «...que establece por primera vez medidas para garantizar la permanencia en el centro de enseñanza y la educación de las embarazadas, madres y padres estudiantes, promoviendo la igualdad de oportunidades en la promoción del éxito escolar. Indicando, entre otras



Concello de Vigo

medidas, la necesidad de: un régimen especial de faltas para las alumnas embarazadas, madres y padres; modificación de la fecha de entrega de trabajos y exámenes; el derecho a la orientación específica de los Servicios de Orientación Social de la escuela; el uso de una metodología adecuada para garantizar la mejora de los resultados escolares; la formación del cuerpo docente en salud sexual; entre otras medidas». (páx. 9-10; Prox. “Ela Estuda por Dois”, 2019).

III.7. O proxecto da Fundación en 2021 pretende implementar accións concretas para mitigar o impacto da COVID-19 nas estudantes embarazadas, puérperas e nais (especialmente aquelas en situación de risco ou de exclusión social) das escolas secundarias beneficiarias previamente do Proxecto “Ela Estuda por Dois”, contribuíndo a garantir o seu dereito a unha educación continua e de calidade. Así mesmo, o proxecto busca salvagardar a saúde das alumnas, facilitando o acceso a materiais hixiénico-sanitarios e de protección (máscaras e xel hidroalcohólico).

III.8. O orzamento estimado por «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» para levar a cabo este proxecto humanitario é de 12.000€ e o importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo de 10.000€.

III.9. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, HUMANITARIO ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 5.2, das de execución dos orzamentos municipais, que esixe acreditar a singularidade e as razóns acreditativas do interese público, social e HUMANITARIO concorrentes nas subvencións deste tipo.

III.10. A Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

Entendemos que no presente caso xustificáranse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência que deben rexer esta materia como o interese público, social e HUMANITARIO da subvención á «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA», destinada a previr o abandono e o fracaso escolar das estudantes embarazadas, puérperas e nais en catro escolas secundarias da Illa de Santiago, en Cabo Verde e mitigar os efectos da pandemia da COVID-19.

III.11. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.12. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978



Concello de Vigo

(Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.13. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» non se inclúe, como sería desexable, un apartado específico relativo á xustificación da súa coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado e da CA de Galicia. Sí xustifica en detalle a súa conformidade cos plans e estratexias do goberno de Cabo Verde en materia de educación e igualdade de xénero e tamén cos ODS das Nacións Unidas relativos ó acceso igualitario ós recursos económicos e servizos básicos, á educación, a igualdade de xénero e a redución das desigualdades (ODS núms. 1, 4, 5 e 10).

En calquera caso, tal coherencia sí estaría acreditada porque o «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» menciona a Cabo Verde dentro do apartado de “países de cooperación avanzada” en África, xunto con Exipto, Guinea Ecuatorial e Túnez e o «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» inclúe a Cabo Verde dentro dos países prioritarios desa cooperación galega na área de África subsahariana, xunto con Guinea Bissau e Mozambique.

De feito, xa en anos anteriores o Concello de Vigo financiara o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional en Cabo Verde a través do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (FGCS), do que formou parte, como socio de pleno dereito, desde 1998 (Acordo Plenario de 03.08.1998) e ata o ano 2015, no que se decidiu a “separación voluntaria” do Concello de Vigo do FGCS (Acordo Plenario do 28.09.2015).

Así:

- En 2013 concedeuse unha subvención de 25.000 €, que se instrumentou mediante a sinatura do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE MELLORA NA XESTIÓN DE RESIDUOS NA CÁMARA MUNICIPAL DE PORTO NOVO – ILLA DE SANTO ANTÃO (CABO VERDE)».
- No mesmo ano 2013, asinouse tamén o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA AGRICULTURA PARA PROMOVER UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA CÁMARA MUNICIPAL DE SANTA CRUZ – CIDADE DE PEDRA BADEJO, ILLA DE SANTIAGO (CABO VERDE)», cunha dotación de 29.600 €.

- En 2014 formalizouse co FGCS o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)»; proxecto subvencionado polo Concello de Vigo con 26.000 € e co que se pretendía promover a equidade e a igualdade de xénero a través do empoderamento socioeconómico dos grupos de produtoras da zona costeira de Ribeira Grande de Santiago, organizadas na cooperativa “Sulada”.
- En 2015 estaba tamén prevista a sinatura do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE) – 2ª FASE» (26.000€), para dar continuidade ás accións xa emprendidas en 2014, e do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA AGRICULTURA PARA PROMOVER UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA CÁMARA MUNICIPAL DE SANTA CRUZ – CIDADE DE PEDRA BADEJO, ILLA DE SANTIAGO (CABO VERDE) – 2ª FASE» (26.000€), co que se pretendía revitalizar a práctica agrícola para loitar contra a pobreza e contribuír á seguridade alimentaria das familias con menores recursos do municipio de Santa Cruz e á xestión eficiente da escasa auga dispoñible, dando continuidade ás accións iniciadas ó abeiro do anterior Convenio de 2013; sinaturas que, finalmente, non se chegaron a materializar (Exps. núms. 113908/301 e 113893/301).

III.14. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.15. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» unha subvención directa, por razóns humanitarias, por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2021 do proxecto: *“Estrategia de apoio en el contexto Covid 19 para*



Concello de Vigo

estudiantes embarazadas, puérperas y madres de las escuelas beneficiarias del Proyecto Ela Estuda por Dois (Cabo Verde)” (Exp. n.º 220445/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.08 dos orzamentos vixentes e á súa bolsa de vinculación, a favor da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA», CIF G86367547.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución, no anos 2021, do proxecto da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA»: “Estrategia de apoio en el contexto Covid 19 para estudiantes embarazadas, puérperas y madres de las escuelas beneficiarias del Proyecto Ela Estuda por Dois (Cabo Verde)”, co que se pretende previr o abandono e o fracaso escolar das estudantes embarazadas, puérperas e nais en catro escolas secundarias da Illa de Santiago, en Cabo Verde, mitigar os efectos da pandemia da COVID-19 e, en definitiva, garantir o seu dereito á educación no sistema Caboverdiano de ensino secundario.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán as alumnas embarazadas, puérperas e nais das catro escolas secundarias seleccionadas. O proxecto comprende a adquisición e distribución de kits de apoio con materiais de primeira necesidade, uniformes escolares adaptados e material de hixiene e prevención fronte á COVID-19.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.08 dos vixentes orzamentos municipais e á súa bolsa de vinculación.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con

todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2021 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarse mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluíra:



Concello de Vigo

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión,

oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese, ademáis de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(601).- PROPOSTA DECLARACIÓN DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE "PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE". EXPTE. 873/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/07/2021 emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto aberto, do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do proxecto de



Concello de Vigo

"Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 8 de xuño de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 5 de xullo.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 7 de xullo de 2021, non se presentou ningunha proposición para este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 5 de xullo de 2021, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441) por non terse presentado ningunha proposición".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(602).- LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE, EXPEDIENTE 2496-611. EXPTE. 6591/241

Dáse conta do informe-proposta do 12/07/2021 asinado pola xefe do Servizo de Contratación, pola concelleira delegada de Contratación e fiscalizado en data 13/07/2021 polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.
- Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, de prórroga do estado de alarma.
- Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do Presidente da Xunta de Galicia.
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia.
- Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Decreto 45/2021, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación das infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- Decreto 59/2021, de 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación das infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 7.05.2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo R.D. 956/2020, de 3 de novembro.
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 12.05.2021, pola que se modifica o anexo II da Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia



Concello de Vigo

de 7.05.2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo R.D. 956/2020, de 3 de novembro.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A., o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte. O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019.

Segundo.- En data 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou:

"1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

c) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):

- Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
- Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
 - O 50% das prestacións de limpeza.*
 - As prestacións relativas á mantemento.*
 - As prestacións de dirección.*
 - Os subministros enerxéticos.*
 - As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente."

Terceiro.- En datas 5 de marzo de 2021, a XGL acordou:

"1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

- *Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.*

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Cuarto.- En data 25 de maio de 2021 FCC Aqualia, S.A., presenta escrito co número de documento 210091603, solicitando a reactivación de seis dos traballadores co 33% do contrato parcialmente en ERTE, debido ao aumento da carga de traballo nos servizos de docencia das piscinas, quedando suspendido parcialmente só un dos monitores, con data 1 de maio.

Quinto.- En data 6 de xullo de 2021, a citada empresa, presenta escrito de aclaracións a petición do servizo de Deportes, motivando a solicitude de reactivación do servizo.

Sexto.- En data 12 de xullo de 2020, o servizo xestor informa o seguinte:

“2.- Antecedentes.-

a) Como consecuencia da Orde de 26.01.2021, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4.02.2021, declarou a suspensión do “Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente no 2496-611)”, en relación coa:

1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnacios obxecto do contrato).

2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:

- O 50% das prestacións de limpeza.
- As prestacións relativas á mantemento.
- As prestacións de dirección.
- Os subministros enerxéticos.
- As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.

Esta suspensión causou efectos a partir do 27.01.2021.

b) Con data 26.02.2021, a empresa Aqualia, SA, presenta escrito no que solicita o seguinte:

“La Reanudación del servicio, con una suspensión parcial de la parte variable por motivos no imputados a la empresa, ni al Concello de Vigo, simplemente por las restricciones, de aforo limitado al 30% en las piscinas, planteadas en la normativa Autonómica y que debemos adoptar, para poder adaptar el servicio a las medidas



Concello de Vigo

publicadas por la Consellería de Sanidad, con el objetivo de controlar la situación Epidemiológica provocada por el COVID 19. Quedando suspendidos parcialmente al 33% de su jornada el contrato de 8 monitores en función de las circunstancias del servicio. Pudiendo solicitar la INDEMNIZACIÓN la empresa prestadora del servicio solo sobre los costes salariales afectados por las restricciones mencionadas, y de los trabajadores antes definidos.”.

c) Con data 26.02.2021, o concelleiro-delegado de Deportes dicta resolución na que insta á empresa Aqualia a “proceder a reapertura das catro piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos do Carme e Berbés, con data efectos do 26 de febreiro de 2021, nos termos sinalados na Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia”. Esta resolución é recibida pola empresa adxudicataria o 1.03.2021.

d) Con data 1.03.2021 do director técnico do Servizo de Deportes, emite informe dirixido ao Servizo de Contratación, no que propón o seguinte:

“Primeiro: Levantamento da suspensión do contrato SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE EXPTE 2496-611 con data 26 de febreiro coas limitacións recollidas na orde do 25 de febreiro da Consellería de Sanidade.

Segundo: O levantamento da parte docente de piscinas non se poderá realizar na súa totalidade ó non poder desempeñarse as mesmas segundo as limitacións da orde, do 25 de febreiro. Concretamente non se levanta da suspensión o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas o equivalente a 11 horas semanais por cada traballador.”

e) Con data 2.03.2021, a empresa adxudicataria Aqualia, SA, presenta recurso de reposición, co seguinte teor literal:

“Que tenido por presentado recurso de reposición contra la Resolución de apertura de Piscinas y gimnasios dictada por el Concello de Vigo el 26 de Febrero de 2021, se proceda a su estimación, dictando una nueva resolución en la que se determine la fecha de reanudación de la actividad el 1 de Marzo de 2021 y se determinen de forma expresa las condiciones de apertura en los términos solicitado por esta parte en su escrito de 26 de Febrero de 2021”.

f) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5.03.2021 (expte núm. 6591-241), acordou o levantamento da suspensión da execución de determinados contratos en suspenso por mor da Covid-19, entre os que se atopa o dos servizos técnicos e docentes das piscinas e ximnasiaos. Este acordo ten o seguinte teor literal:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente no 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

g) O concelleiro-delegado de Deportes previo informe xurídico da Secretaria de Administración Municipal, dicta resolución o 23.03.21, na que desestima o recurso de reposición interposto por FCC AQUALIA SA contra a Resolución do concelleiro-delegado da área de Deportes pola que se ordena a apertura de Piscinas e ximnasiaos ditada polo Concello de Vigo en data 26 de febreiro de 2021.

h) Con data 25.05.2021 a adxudicataria FCC Acualia, SA, presenta escrito co número de documento 210091603, na que solicita a reactivación de seis dos traballadores co 33% do contrato parcialmente en ERTE, debido ao aumento da carga de traballo nos servizos de docencia das piscinas, quedando suspendido parcialmente só un dos monitores e podendo solicitar a indemnización a empresa prestataria do servizo sobre os traballadores reactivados, só sobre os custes salariais afectados polas restricións mencionadas ata o 1 de maio.

i) Con data 28.06.2021, por parte deste Servizo de Deportes, remítese requirimento á empresa adxudicataria, para que remita informe no que se motive suficientemente o levantamento dos ERTE ao persoal de docencia.

j) O 6.07.2021, a empresa remite o informe solicitado, que se incorpora ao expediente, e que ten o seguinte teor literal:

“AL EXCMO. CONCELLO DE VIGO
FCC Aqualia, S.A.(en adelante, la “Sociedad”) con CIF A26019992 y domicilio a efectos de notificaciones en Calle Puerto Rico 18-20 Oficina 7 36204 Vigo, representada en este acto por José Luis García Ibáñez con NIF 51703016M, representación que ya obra en poder de este Órgano de contratación, ante el mismo comparezco y como mejor proceda en Derecho, EXPONGO

I. Que, con fecha 3 de Junio, esta empresa SOLICITO Indemnización por GASTOS SALARIALES de la parte suspendida del contrato en vigor, entre el 27 de Enero y el 30 de Abril, siendo el importe total a indemnizar de 100.651,51 euros .

II. El 30 de Enero del 2021 recibimos Decreto del Concelleiro Delegado de Deportes donde se ordenó el cierre de las instalaciones al público, con el objeto de contener el avance del COVID 2019 y evitar un colapso de los centros del SERGAS ante la situación epidemiológica y sanitaria en la Comunidad Autónoma de Galicia, y por la publicación en el DOG del Decreto 8/2021, del 26 de Enero, en el que se adoptan medidas en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia para hacer frente a la crisis sanitaria, por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiológica derivada del COVID-19.



Concello de Vigo

III. Que en fecha 1 de Marzo de 2021, se procedió a la descarga por parte de esta Sociedad, de la notificación en la que se da traslado de los acuerdos adoptados por la Xunta de Gobierno Local, en su sesión ordinaria de 5 de Marzo de 2021, en donde acordaba, LEVANTAMIENTO DE LA SUSPENSIÓN DE LA EJECUCIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS EN SUSPENSIÓN CON MOTIVO DE LA COVID19. EXPTE.6591/241 entre ellos:

“ Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente no 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

IV. Por ello manifestamos, las motivaciones que justificaron el levantamiento del ERTE de los 6 trabajadores que aún se encontraban parcialmente en ERTE (concretamente 11 h de su jornada, en total 66 horas de actividad docente) hasta el 30 de abril del 2021. Exponiendo las siguientes motivos:

- Hasta el 30 de abril del 2021 fue suspendida toda actividad docente que se impartía después das 21,15 horas. Esto venía motivado por el toque de queda que imponía el cierre de la piscina a las 22,00 horas (como se necesita media hora para el desalojo de la instalación y coincidiendo con la distribución horaria de las actividades docentes se suspendieron las clases de natación para adultos y Aquagym en la franja de 21,15 a 22,00 horas e de 22,00 a 22,45 horas). Después de la publicación del DECRETO 59/2021, se modifica las limitaciones de movilidad nocturna, ampliando el toque hasta las 23,00 horas. Por ello a partir del 1 de Mayo se recupera la actividad docente en esas franjas horarias, donde se imparte clases de natación para adultos, con carga de trabajo de 35 horas/semana.
- Por otro lado, tuvimos una inspección laboral e insistieron en que cualquier incidencia, o necesidad laboral, fuese solventada en primer lugar con personal propio que figurase en situación de ERTE antes de proceder a la realización de contratos de interinidades siempre y cuando fuese posible. Diversas incidencias laborales como procesos de IT y permisos pendientes pudieron ser solventados con el levantamiento del ERTE del citado personal docente.
- No se notificó al Concello la reactivación del contrato, pendiente de la evolución de la pandemia, y de la estabilidad de las medidas adoptadas por la Xunta de Galicia. Una vez estabilizada la situación se traslada, la comunicación de reactivación del contrato con carácter retroactivo al 1 de mayo.
- Además comunicar que El otro trabajador que falta por reactivar, este recuperará su actividad normal a partir del 31 de Julio. Por ello no se solicitará más indemnizaciones vinculadas a esta suspensión del contrato. Por ello, solicitamos la reactivación docente desde el 1 de mayo, con las restricciones ordenadas por la legislación vigente en aforos, distancia social, uso de mascarilla, desinfección,..... .

Por todo lo expuesto, a VD. SOLICITO que,

La reactivación total del contrato dese 1 de Mayo por los motivos expuestos. Y tenga por presentado este escrito, con la justificación del levantamiento parcial de los

S.ord. 16/07/2021

trabadores que tenían su actividad docente parcialmente limitada hasta el 30 de Abril.”

3.- Motivación.-

Cómpre ter en conta que o Decreto 59/2021, do 14 de abril, que modificou as limitacións de mobilidade nocturna, ampliou o toque de queda ata as 23 horas, o que permitiu aumentar a franxa horaria de realización de actividades e levou á ampliación da actividade docente, o que impulsou á empresa adxudicataria á reactivar a seis traballadores, a partir do 1 de maio, e a dispoñer que o outro traballador pendente de reactivar, recupere a súa actividade normal a partir do vindeiro 31 de xullo.

A Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 7.05.2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo R.D. 956/2020, de 3 de novembro, estipula no seu apartado 3.15, permita o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

Por outra banda, a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 12.05.2021, pola que se modifica o anexo II da Orde de 7.05.2021, no seu anexo II apartado D, encadra ao Concello de Vigo entre os “Concellos con nivel de restrición media-baixa”.

A recuperación da actividade docente nas franxas horarias nocturnas motivada polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. suxeitas anteriormente a limitacións, implica un incremento da carga de traballo a 35 horas/semana.

Tendo en conta a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de data 7.05.2021, que fundamenta esta proposta, non se considera xustificada a permanencia de ningún traballador en situación de ERTE polo cal considérase que a proposta de reactivación debe comprender ós 6 traballadores a partir do 1.05.2021, tal e como solicitou a empresa adxudicataria e 1 traballador a partir da entrada en vigor da citada Orde do 7.05.2021.

4.- Proposta.-

En consecuencia, propónse ao Servizo de Contratación, que someta ao órgano de contratación a proposta de levantamento da suspensión parcial motivada polo ERTE a seis (6) traballadores a partir do 1.05.2021, tal e como solicitou a empresa adxudicataria, e a un (1) traballador a partir da entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de data 07.05.2021”.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

En data 25 de outubro de 2020, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.

Esta norma, no seu artigo 2, designa como autoridade competente ós efectos do estado de alarma ó Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, ós presidentes das mesmas.

As autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, e para frear o avance da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comunidade autónoma, o Presidente da Xunta de Galicia, na súa condición de autoridade competente delegada, emitiu o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e impón o cumprimento das medidas da Consellería de Sanidade contidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 26 de xaneiro de 2021, no seu Anexo, impón o cumprimento de determinadas medidas de prevención específicas, aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

O apartado 4 do Anexo regula “Medidas especiais para determinadas actividades”. Entre elas adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da orde, entre outras, das seguintes actividades (apartado 4.1 do Anexo):

- III.2.2.2. Pavillóns deportivos.
- III.2.2.3. Recintos deportivos.
- III.2.2.5. Ximnasios.
- III.2.2.6. Piscinas de competición.
- III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

O peche das instalacións municipais citadas implica a imposibilidade sobrevida da execución, total ou parcial, segundo os casos, dos contratos relacionados coa xestión das mesmas, en función das prestacións obxecto de cada un deles.

Á vista da citada Orde, a XGL, á solicitude do responsable do contratos afectados polas medidas de peche temporal das instalacións citadas, acordou a suspensión, entre outros, do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611)

O Presidente da Xunta de Galicia, na súa calidade de autoridade competente delegada, mediante Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, impón o cumprimento das medidas da Consellería de Sanidade contidas na Orde do 25 de febreiro de 2021. Esta deroga as medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde permite a apertura das citadas instalacións, que poderán abrir con limitacións de aforo previstas no apartado 3.15.1.b:

“Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.”

-II-

NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE ÓS CONTRATOS AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a natureza e a lexislación á aplicar a este contrato:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

É preciso por de releve que o réxime da suspensión na LCSP foi modificado pola disposición final quinta (apartado tres) do R.D.-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia («B.O.E.» 31 decembro) que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021. Por tratarse dunha prerrogativa da Administración aplicase a normativa vixente no momento da súa execución.

-III-

DO LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. A vixente lei de contratos a recolle no artigo 190 entre as prerrogativas da administración no seno do contrato e a regula no artigo 208.

Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento. Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

Derogada a Orde de 25 de xaneiro de 2021 que impoñía o peche das instalacións deportivas pola Orde do 25 de febreiro de 2021, que autoriza a súa apertura con limitacións de aforo, se procedeu acordar o levantamento da suspensión deste contrato, se ben por mor das limitacións de horarios e aforos previstas nesta última orde o levantamento da suspensión foi parcial. Manifestou ó respecto o responsable do contrato en informe de data 1 de marzo de 2021 que *“O levantamento da parte docente de piscinas non se poderá realizar na súa totalidade ó non poder desempeñarse as mesmas segundo as limitacións da orde, do 25 de febreiro. Concretamente non se levanta da suspensión o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas o equivalente a 11 horas semanais por cada traballador”*.

Na actualidade, tras a finalización do estado de alarma decretado polo Real Decreto 926/2020 e ampliado polo Real Decreto 956/2020, e á vista da Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 07.05.2021, non existen razóns que avalen a continuación de esta suspensión parcial do contrato.

Informa ao respecto o servizo xestor en informe de data 12 de xullo de 2021 que *“Tendo en conta a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de data 7.05.2021, que fundamenta esta proposta, non se considera xustificada a permanencia de ningún traballador en situación de ERTE polo cal considérase que a proposta de reactivación debe*

comprender ós 6 traballadores a partir do 1.05.2021, tal e como solicitou a empresa adxudicataria e 1 traballador a partir da entrada en vigor da citada Orde do 7.05.2021”.

-IV-

EFICACIA RETROACTIVA DO LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN

A lei impón ós órganos administrativos o cumprimento das normas e actos ditados por outros órganos no exercicio da súa propia competencia, aínda que non dependan xerarquicamente entre sí, ou pertencen a outra Administración (artigo 39.4 LPAC).

A orde da Consellería publicouse no Diario Oficial de Galicia o 25 de febreiro de 2021 (número 38-Bis). Dispón a mesma con relación a súa vixencia que:

“Noveno. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos a partir das 00.00 do 26 de febreiro de 2021. Malia o anterior, as medidas recollidas nos puntos quinto, en canto á obriga de dispor dun cartel, e sétimo, en canto á obriga de obter un código QR ou de dispor dun código QR personalizado, terán efectos a partir das 00.00 horas do día 5 de marzo de 2021, polo que as actuacións de control que con anterioridade se efectúen se limitarán a informar da súa exixibilidade a partir da indicada data, sen que proceda dar inicio a ningún procedemento sancionador por esta causa ata a indicada data. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. ”.

Circunstancia que determina a necesidade de darlle efectos retroactivos ó acto no que se acorda o levantamento da suspensión de contratos. En consecuencia procede analizar a posibilidade de outorgar efectos retroactivos ó presente acordo.

Que un acto administrativo produza os sus efectos nunha fecha anterior á que se dita é algo excepcional. Así, a lei de procedemento permite que excepcionalmente, poida outorgarse eficacia retroactiva ós actos supeditada ó cumprimento dos seguintes requisitos (artigo 39.3 LPAC):

- Que os actos se diten en substitución de actos anulados.
- Que produzan efectos favorables ó interesado.

Neste segundo suposto, de actos que produzan efectos favorables ós interesados, a lei esixe que:

- Os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraía a eficacia do acto.
- Que a retroactividade non lesione dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

No caso que nos ocupa a retroacción do acordo de levantamento da suspensión produce efectos favorables ós contratistas, e non prexudica dereitos ou intereses de terceiros, e o suposto de feito necesario para acordar a suspensión do contrato existía na data de retroacción.



Concello de Vigo

Efectivamente, o contratista informa na súa solicitude que 6 dos 7 traballadores que continuaban en ERTE foron reactivados o 1 de maio do ano en curso. E o servizo xestor informou en data 12 de xullo que tras a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de data 7.05.2021 non se consideraba xustificada a permanencia de ningún traballador en situación de ERTE, polo que o derradeiro traballador deberá reactivarse a data de entrada en vigor da citada norma.

-V-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Levantar, como consecuencia da Orde do 12 de maio de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a suspensión parcial dos contratos dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) e reactivar o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos:

- Desde o 1 de maio de 2021, para 6 dos traballadores, por canto a empresa os reactivou nesa data.*
- Desde a data na que entrou en vigor a citada orde para o traballador restante”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(603).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE NOTIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA. EXPTE. 2768/500.

Visto o informe xurídico do 30/06/2021 e o informe de fiscalización do 06/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 25/06/2021, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, pola directora de Ingresos e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 4 de marzo
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 29/04/2021, o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, resolveu iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 29/04/2021 (trámite 14).
- b) Memoria económica do contrato de data 4 de xuño de 2021, asinada pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (trámite 70).
- c) Documento contable de retención de crédito de 05/05/2021 - RC núm. Operación: 202100049581 por importe de 31.850,00€ correspondentes ao 2021 (trámite 35) e de 07/06/2021 – RCFUT1 202100055096 por importe de 57.762,60 €: 44.806,30€ para o 2022 e 12.956,30€ para o 2023 (trámite 78)
- d) Declaración de ausencia de conflito de intereses da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de data 06/05/2021, así como da Técnica xurídica da Dirección de Ingresos/Xefa Inspección de Tributos de 02/06/2021.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 25 de xuño de 2021, asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (trámite 98).



- f) Memoria xustificativa do contrato de data 25 de xuño de 2021, asinada pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (trámite 100).
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 25/06/2021 (trámite 106).
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 25 de xuño de 2021, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación (trámite 107).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 que aprobou o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobatorio do "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020. O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, en resolución de 29 de abril de 2021 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

O obxecto do contrato consistirá no servizo de notificación de actos de xestión tributaria, que comprende as seguintes prestacións:

- Impresión, pregado e ensobrado dos documentos que os servizos tributarios poñerán a disposición da adxudicataria mediante un Enterprise Service Bus corporativo.
- Práctica da notificación polo procedemento regulamentario.
- Xestión documental e incorporación periódica de resultados no Enterprise Service Bus corporativo.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto e a súa forma de tramitación será a ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

O gasto imputarase á partida orzamentaria 9320.2220100, segundo o seguinte detalle:

- exercicio 2021: RC 202100049581 por importe de 31.850,00 euros (IVE engadido) – trámite 35 e
- exercicios 2022 e 2023: RCFUT 202100055096 por importe de 57.762,60 euros (IVE engadido)- trámite 78; 44.806,30 euros correspondentes ao 2022 e 12.956,30 euros correspondentes ao 2023.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral (en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos), propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (2768-500) por procedemento aberto do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 25 de xuño de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 25 de xuño de 2021, que rexerán a contratación do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

3º.- Autorizar o gasto de 89.612,60€ (que inclúe un IVE de 15.552,60€) para a contratación do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA, con cargo á aplicación orzamentaria 9320.2220100, segundo o seguinte detalle:

EXERCICIO	BASE	IVE	TOTAL
2021	26.322,31 euros	5.527,69 euros	31.850,00 euros
2022	37.030,00 euros	7.776,30 euros	44.806,30 euros
2023	10.707,69 euros	2.248,61 euros	12.956,30 euros

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(604).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN, DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021/2022. EXPTE. 24972/332.

Dáse conta da Resolución de data 08/07/2021, asinada polo concelleiro-delegado de Educación:

“Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 6 de xullo de 2021, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2021/2022



Concello de Vigo

RESOLVO:

- 1) *Estimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 1, (Francisco Rodríguez Diz) do Anexo I e reclamación nº 3 (Ronald Vidaurre Cisneros) do Anexo II "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2021-2022"*
- 2) *Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 2, (Ricardo Alfonsin Kiefer) e nº 4 (Olga Vergaray Vergara) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2021-2022" deste informe.*
- 3) *Aprobar a incorporación, ás listaxes definitivas, polas razóns expostas no Anexo II "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2021-2022", dos/as solicitantes: Aarón Isaza Posada, Anxo Cuadrado Rodríguez, Lucas Cuerpo Rivas, Xía Soto Álvarez, Chloe Soage Vidal, Ainhoa Prego Carrasco, Carla Rodríguez Rodríguez, Andrea Fernández Dobarro, Catuxa Estévez Juiz e Nicolás Rodríguez Touriño*
- 4) *Modificar, polas razóns expostas no Anexo II "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2021-2022", a puntuación de Lois Frappier Herbello.*
- 5) *Excluir, polas razóns expostas no Anexo II "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2021-2022", os/as seguintes solicitantes: Xíán Dapena Pedrero, Mario Rueda Martín, Mía Segovia Deus e Lucas Sobrido Alonso.*
- 6) *Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM): escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta-Casco Vello, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns, Navia, Bouzas e Bembrive, para o curso 2021-2022, que se inclúen no expediente.*
- 7) *Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou esta resolución no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.*

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

7(605).-CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021. EXPTE. 18293/77.

Visto o informe xurídico do 02/07/2021 e o informe de fiscalización do 08/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2021, asinado pola técnica de xestión do servizo de Emprego (por ausencia da xefatura do servizo de Participación Cidadá

e Desenvolvemento Local. Instrución do concelleiro de Cultura e Emprego de 10/06/2021), polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Cultura e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan outras administracións cara ao emprendemento.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para



Concello de Vigo

a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomas) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2020 e o 31 de marzo de 2021 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

Por outra banda, esta convocatoria segue a ser relevante na finalidade de atenuar as secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19 e potenciar a actividade económica do municipio apoiando á continuidade e á reactivación da actividade empresarial e o mantemento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto nos parágrafos primeiro e terceiro do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no réxime de **concorrenza competitiva**. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrenza, obxectividade,

igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto da anterior convocatoria son as seguintes:

- Na *base 1.2 Beneficiarios/as* se substitúe o termo “entidades” por “persoas físicas (autónomas)” cunha finalidade máis clarificadora.
- No primeiro requisito da *base 1.3 Requisitos* se engade a necesidade de que o enderezo fiscal e social en Vigo sexa anterior ao inicio do prazo de presentación da solicitude.
- Na *base 1.3.4* modifícase a redacción do texto para que corresponda co contido do Anexo I correspondente.
- Na *base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables* no relativo aos gastos subvencionables no apartado d) Primas de seguros se engade que a contía da axuda estará en función do importe aboado.
- Na *base 1.6.1 Criterios de baremación das solicitudes* no criterio 3 se engade a consideración daqueles postos de traballo creados ata a data límite de presentación da solicitude no intento de ser máis clarificador.
- Na *base 3.1 Instrución e tramitación das axudas* se engaden o segundo e o penúltimo parágrafo para completar o procedemento de tramitación das axudas.

- Na *base 4.1. Solicitudes* se actualiza e modifica o último parágrafo relativo aos solicitantes non obrigados no que se elimina a información da necesidade de solicitar cita previa para a atención presencial no concello por mor da situación xerada polo COVID-19.
- Na *base 4.2 Documentación* se incorpora o *Anexo V. Declaración responsable de non dedución do IVE* para que, de ser o caso, quede reflectida de xeito expreso esta circunstancia e leva á modificación da numeración dos anexos seguintes.
- Na *base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento* se incrementa o prazo de resolución e notificación do procedemento a nove meses contados a partir da publicación da convocatoria.
- No *Anexo I. Solicitude* elimínase a táboa dos datos do representante que se incorporan á táboa dos datos do solicitante.
- Se engade o *Anexo V. Declaración responsable de non dedución do IVE* tal e como reflicte a base 4.2.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.



Concello de Vigo

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2021 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2020 destas "Axudas Municipais á Creación de Empresas" destínase un importe total de 196.722,45€ (cento noventa e seis mil setecentos vinte e dous con corenta e cinco euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2021.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas municipais á creación de empresas" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.
- Os modelos normalizados para a presentación das solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto por importe total de 196.722,45€ (cento noventa e seis mil setecentos vinte e dous con corenta e cinco euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2021.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, no ámbito dos programas de fomento do emprego, que se achegan no expediente.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das “Axudas Municipais á Creación de Empresas” en:

- ▣ A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- ▣ As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- ▣ Os modelos normalizados de solicitude facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(606).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I". EXPTE. 3620/443.

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 28/06/2021, asinado pola técnico de xestión Servizos Xerais (p or delegación de data 22.06.2021), polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 22.06.2017 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da rúa Romil Fase I, a prol da empresa ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. (OTIMA).

II.- A empresa ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. presentou borrador de proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago López Fontán e Ignacio Teijeiro Calvo.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 7.11.2017 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 8.11.2017 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Romil dende o cruce coa rúa Feliciano Roldan ato o encontro coa rúa Ourense, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Procederase a retirada do mobiliario existente na rúa para a continuar coa demolición de beirarrúas e retirada de bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuadas as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxees a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 100/150 mm, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento e nova instalación de pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederase ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederase a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con baldosa de granito gris Alba de 6 cmt., de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 25.06.2021 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solos urbanos consolidados, con diferentes tipos de ordenanzas, sendo as obras propostas de renovación de servizos urbanísticas, obras autorizables polas ordenanzas de aplicación.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a



Concello de Vigo

normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”**, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago López Fontán e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e data maio de 2021.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(607).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA AV. MARTÍNEZ GARRIDO. FASE IV”. EXPTE. 5092/443.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 09/07/2021, asinado pola técnico de xestión Feder Vigo Vertical, polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento , que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 03/05/2017 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da avenida Martínez Garrido (Fase IV), a prol da empresa GOC S.A.

II.- A empresa GOC S.A. presentou borrador de proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO FASE IV", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos.

III.- O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 07/07/2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 08/07/2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na avenida Martínez Garrido, na marxe impar, dende o número 1 ata o 33 e as obra a executar son as que se enumeran a seguir.

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes a base de tubaxe de fundición dúctil Ø segundo determina o proxecto, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe, arquetas e elementos electrónica de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm, de espesor con grado de compactación do 95%, para efectuar as canalizacións de redes soterrados de iluminación pública e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada na zona das beirarrúas que resultase afectadas, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de



Concello de Vigo

pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cm de espesor e acabado con baldosa de granito de 6 cm de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Efectuando a reposición do firme de calzada con mezcla bituminosa en quente tipo AC-16S urf B50/70.

- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de iluminación pública, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente, así como reparación do mural existente e tratamento superficial, e execución dun novo mural.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE (7) meses.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 08/07/2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano xa executada, a efectos de elementos catalogados, actuase sobre o ámbito e entorno do elemento catalogado A-171, que de acordo co apartado cuarto da Instrución da Consellería de Cultura (8/11/2017), publicada no D.O.G.A. de data 5/12/2017, no e necesario o informe de dita Consellería.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos

S.ord. 16/07/2021

especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO FASE IV”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.200.689,56 €) de data xuño de 2021 e con sinatura dixital de datas 22/06 e 06/07/2021.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(608).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO TORREIRO DO SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”- EXPTE. 884/441.

Visto o informe xurídico do 22/06/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 07/06/2021, asinado pola técnico de xestión Servizos Xerais, polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 21.02.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do redacción proxecto de mellora e acondicionamento do entorno do torreiro de San Andrés de Valadares a prol do Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez.

II.- Por parte da empresa STUCO, ESTUDIO Y COORDINACIÓN DE OBRAS, preséntase proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (237.277,80 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 08.04.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 13.04.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.04.2021 aprobou o proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (237.277,80 €), de data marzo de 2021 e asinado dixitalmente en datas 31 de marzo e 4 de abril de 2021 (Expte. 3796-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 22.04.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 3796-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas subscrito polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 12 de maio de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de maio de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de maio de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100051158 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 18 de maio 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 4 de xuño de 2021.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xuño de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xuño de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.04.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxta.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS” (237.277,80 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 41.180,44 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1710 6190061 “ACONDICIONAMENTO TORREIRO VALADARES”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	237.277,80 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(609).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”. EXPTE. 941/441.

Visto o informe xurídico do 29/06/2021 e o informe de fiscalización do 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 18/06/2021, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.-O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 15.05.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de mellora da accesibilidade peonil na confluencia da rúa Talude coa rúa Urzaiz a favor da empresa SOLTEC INGENIEROS S.L..

II.- A empresa SOLTEC INGENIEROS S.L. presentou proxecto de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (713.707,97 €)

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de

data 11.05.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 12 e 13 de maio de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.05.2021 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE", redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (713.707,97 €) e sinatura dixital de data 2 de maio de 2021 (Expte.4880-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 21.05.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 4880-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda de sinatura dixital de data 02.05.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 24 de maio de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 24 de maio de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de maio de 2021.
- E) Certificado de crédito RC REM nº 202100053527 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 3 de xuño de 2021 de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 3 de xuño de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 18 de xuño de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 18 de xuño de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



Concello de Vigo

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 11.05.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”**, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 18 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS con NOVENTA E SETE CÉNTIMOS” (713.707,97 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 123.866,67 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539 6190061 “V. Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	713.707,97 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(610).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO”.-EXPTE. 894/441.

Visto o informe xurídico do 06/07/2021 e o informe de fiscalización do 07/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 25/06/2021, asinado pola técnico de xestión Servizos Xerais (por delegación de data 22.06.2021), polo oncelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

2º.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

3º.- No marco do devandito proxecto, o Arquitecto don Leopoldo Salceda Alvite presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO", cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE E UN MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON UN CÉNTIMOS (2.321.119,01 €).

4º.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 16/06/2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de



Concello de Vigo

Fomento e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 26/06/2019 e 18/06/2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

5º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 16/04/2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 19/04/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22/04/2021 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" redactado polo Arquitecto don Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE E UN MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON UN CÉNTIMOS (2.321.119,01 €), de data abril de 2021 e sinatura dixital de 16 de abril de 2021.

6º.- Detectado un erro no orzamento base de licitación, procédese a súa corrección, levando a cabo, asemade, unha reformulación da memoria e anexos do proxecto. O importe final do orzamento base de licitación, unha vez corrixido o erro inicial, é de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €), coa conseguinte nova presentación do proxecto polo seu redactor, o Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite o 12/05/2021 e con sinatura dixital de datas 15/03, 16/04 e 12/05/2021.

7.- Previo novo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 13/05/2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 13 e 14/05/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21/05/2021 aprobou o proxecto de "**HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**" redactado polo Arquitecto don Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €)** de data 12/05/2021 e con sinatura dixital de datas 15/03, 16/04 e 12/05/2021.

8.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21/05/2021 que se corresponde co expediente administrativo 4713/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto don Leopoldo Salceda Alvite, con data 16/04/2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 24/05/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 24/05/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 24/05/2021.
- E) Certificados de existencia de crédito (RC nº202100053173) asinado polo Director Superior Contable en data 25/05/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, en data 04/06/2021.

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 23 e 24/06/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 24/06/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 24/06/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 13/05/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “**HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL**



Concello de Vigo

RIEGO” redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.320.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 24/06/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 402.644,63 €.
Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.60 (Peatonalización Praza Elíptica), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	2.320.000,00 €
TOTAL	2.320.000,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(611).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE OBRAS DE "HUMANIZACIÓN RÚA COLOMBIA. FASE II. EXPTE. 771/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2021, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 130.042,69 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190089 "Humanización Rúa Colombia, 2a Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	749.293,61 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,19
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	95,32
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,89
4	UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S.L.	93,13
5	ORECO, S.A.U.	91,62



Concello de Vigo

6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,17
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	88,69
8	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE ARO-SA, S.L.	77,05
9	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	73,38

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 5 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 e 16 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Colombia, fase 2” (771-441) por un prezo total de 586.921,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 101.862,44 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(612).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE OBRAS DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DO FREIXO-VALADARES. EXPTE. 715/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2021, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares” (715-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares” (715-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DO FREIXO – VALADARES”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 47.650,26 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.81 (“Human. Rúa do Freixo”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares” (715-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	94,28
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,38
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	93,08
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,95
5	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,32

6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	85,22
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	84,79
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	61,57

Segundo- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-32.449.100), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o día 17 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións



Concello de Vigo

avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 11 e 15 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-32.449.100) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares” (715-441) por un prezo total de 208.424,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.172,92 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(613).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E A ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS. EXPTE. 671/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2021, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E O ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAL E INTERNACIONAIS

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Inversións en data 25.11.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contrata en data 04.03.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SESENTA E UN MIL EUROS” (261.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 45.297,52 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.227.06.02 “Asistencias e traballos técnicos”, de acordo coas seguintes anualidades:

<i>2021</i>	<i>87.000,00 €</i>
<i>2022</i>	<i>87.000,00 €</i>
<i>2023</i>	<i>87.000,00 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>261.000,00 €</i>

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	90,40 puntos
2	INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L.	69,35 puntos
3	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	67,98 puntos
4	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	66,79 puntos
5	UTE EVERIS INGENIERÍA, S.L.U. - SERVICIOS INTEGRALES DE CONTRATACIÓN E INTERMEDIACIÓN DOMINUS, S.L.	62,82 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 5 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 28 de maio e 16 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada o 21 de xuño de 2021 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.*
2. *Adxudicar a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) coas seguintes condicións:*



Concello de Vigo

- a) O prezo total do contrato é de 261.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 45.297,52 euros, cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído) para cada un dos “niveis de execución” definidos no PPTP:
- > ~~Nivel de execución 1a. 32,80 €/hora~~
 - > ~~Nivel de execución 2a. 35,32 €/hora~~
 - > ~~Nivel de execución 3a. 38,52 €/hora~~
 - > ~~Nivel de execución 4a. 39,32 €/hora~~
- b) Propón un incremento da experiencia laboral do Director/a Proxectos con respecto ao mínimo esixido de 5 anos (total 11 anos).
- c) O/a Director/a Proxectos ou o/a Consultor/a Senior teñen formación específica en xestión pública.
- d) Comprométese á realización dunha acción formativa online dirixida o persoal técnico das distintas xefaturas de servizos municipais sobre o marco conceptual, principios, obxectivos e plans de implantación da AXENDA 2030 e AXENDA URBANA ESPAÑOLA.
- e) Comprométese a achegar unha ferramenta online para resolver consultas e preguntas frecuentes.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(614).- APERTURA DE TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LPACAP, PARA A APROBACIÓN DO DOCUMENTO DE ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 969/441.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/2021, asinado pola técnico de xestión da Área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de xuño de 2014, acordou aprobar o “Plan de Mobilidade urbana sostible da Cidade de Vigo”, elaborado pola empresa Plans Estratégicos Territoriais de Transporte e Ambientais S.L. (PETTRA), en virtude de contrato de servizos (Expte. 88867/210).

II.- O devandito plan, que integrou as estratexias vixentes no Concello de Vigo para a mellora e optimización da mobilidade urbana, materializouse case na súa totalidade. Non obstante, o transcurso de máis de 6 anos desde a súa redacción e aprobación, as actuacións desenvolvidas na cidade nestes anos a través dos numerosos proxectos de

"humanizacións" de rúas e espazos da cidade, o desenvolvemento da "Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado, EDUSI VIGO VERTICAL" por parte da Concellería de Fomento, e, en fin, os importantes cambios no concepto de mobilidade urbana aconsellan a realización dunha actualización do devandito documento en relación ás actuacións executadas.

Este proceso de actualización atende tamén á necesidade de cumprimentar un dos obxectivos específicos do Obxectivo Temático 4 no marco da EDUSI Vigo Vertical, o Obxectivo Específico 4.5.1. "*Fomento de la mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras na rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministro de enerxías limpas*". O Programa Operativo Plurirrexional de España no que se enmarca a Estratexia establece que as accións a desenvolver para acadar os devanditos obxectivos xurdirán necesariamente dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

Doutra parte, os novos horizontes e cambios na lexislación e normativas do Estado e europea determinan, tamén, a necesidade de actualización do actual Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), co obxectivo de adaptarse ao novo marco estratéxico Estatal e Europeo; actualización que ten de levarse a cabo en consonancia coa metodoloxía establecida na "Guía práctica para a elaboración e implantación de Plans de Mobilidade Urbana Sostible" redactada polo IDAE e tendo en conta, igualmente, a proposta da Comisión Europea sobre Mobilidade Urbana Sostible, aprobada en 2013, COM (2013) 913 final, e a segunda edición das "Directrices Europeas para o Desenvolvemento e Implementación de Plans de Mobilidade Urbana Sostible".

III.- Mediante resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29.05.2020, autorizouse o contrato de servizos para a actualización da incidencia no Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vigo das actuacións realizadas dende a Área de Fomento, a favor da empresa EPTISA Servicios de Ingeniería S.L. (Expte. 558/441).

IV.- Unha vez realizados os tramites necesarios para a elaboración dos traballos solicitados e a recompilación da documentación necesaria para actualización do devandito Plan, por parte da empresa EPTISA, Servicios de Ingeniería S.L. presentouse no mes decembro de 2020, o documento de actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vigo (PMUS), o cal foi obxecto de estudo e emenda por parte dos distintos servizos municipais do Concello de Vigo con responsabilidades no ámbito da mobilidade urbana sostible.

V.- O documento de Actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) atópase estruturado en tres epígrafes principais, precedidos dunha pequena introdución e descrición da situación actual con respecto ao ano 2014, e remata cun apartado de Consideracións finais.



Concello de Vigo

Respecto ao contido dos principais epígrafes:

FASE I: Toma de datos e análise: fase esencial para coñecer a situación de partida de cara a poder cuantificar e avaliar cada un dos aspectos da análise sectorial da mobilidade e o transporte, detectando os seus principais problemas e oportunidades. O obxectivo principal desta fase é describir o escenario actual de mobilidade de Vigo e as relacións cos municipios da súa Área metropolitana. A partir do coñecemento da situación de base, realízase unha análise das potencialidades e os problemas do ámbito de estudo, considerando unha serie de obxectivos específicos.

FASE II: Identificación de problemas e retos: a integración de todas as análises sectoriais dá lugar ao establecemento do diagnóstico da situación actual e problemática da mobilidade detectadas. Trátase de establecer as condicións de partida que permiten caracterizar os escenarios futuros, unha vez sexan definidas as accións e medidas que propón o PMUS, tras integrar as medidas no sistema de transporte xunto coa mobilidade futura prevista.

FASE III: Obxectivos e propostas de actuación: esta fase ten como obxecto a definición dun conxunto de propostas así como a programación temporal e a valoración económica da súa implantación para potenciar a mobilidade urbana de forma sostible en Vigo, a partir dos datos, situacións e indicadores que se documentan no apartado de diagnóstico.

Por último, no apartado de Consideración finais, conclúe cunha evolución positiva respecto ao grao de execucións das medidas contempladas no PMUS 2014, amosando a implicación do Concello de Vigo en materia de políticas de mobilidade urbana sostible.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO.

Primeira.- O artigo 99 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible dispón que no ámbito das súas competencias, as Administracións Públicas promoverán políticas de mobilidade sostible, que respecten, entre outros principios, o dereito dos cidadáns ao acceso aos bens e servizos nunhas condicións de mobilidade adecuadas, accesibles e seguras, e co mínimo impacto ambiental e social posible e o artigo 25 da LRBRL atribúe ao municipio como propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencias en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade e transporte colectivo urbano.

Segunda.- A mesma Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, define, no seu artigo 101, os plans de mobilidade sostible como o conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sostibles no ámbito xeográfico que corresponda, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e doutros modos non motorizados de transportes e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social, seguridade viaria e defensa do medio ambiente, garantindo, de esta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns.

Estes planes deberán dar cabida a solucións e iniciativas novas, que reduzan eficazmente o impacto medioambiental da mobilidade, ao menor custe posible.

No parágrafo 2º do mesmo precepto precisa que 2. os plans de mobilidade poden ter un ámbito territorial autonómico, supramunicipal ou municipal.

É ao abeiro dos preceptos citados que o concello de Vigo aprobou, o 27 de xuño de 2014, o “Plan de Mobilidade urbana sostible da Cidade de Vigo, de cuxa actualización se trata.

Terceira.- No seu último parágrafo, o dito artigo 101 establece que: *«5. En la elaboración y revisión de los Planes de Movilidad Sostenible a que se refiere este artículo, se garantizará la participación pública según lo previsto en la Ley 27/2006, de 18 de julio, que regula los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente».*

E esta Lei 27/2006, de 18 de xullo, no seu artigo 16, sobre “*Participación del público en la elaboración de determinados planes, programas y disposiciones de carácter general relacionados con el medio ambiente*”, dispón que:

«1. Para promover una participación real y efectiva del público en la elaboración, modificación y revisión de los planes, programas y disposiciones de carácter general relacionados con el medio ambiente a los que se refieren los artículos 17 y 18 de esta Ley, las Administraciones Públicas, al establecer o tramitar los procedimientos que resulten de aplicación, velarán porque, de conformidad con lo dispuesto en el apartado 2 del presente artículo:

a) Se informe al público, mediante avisos públicos u otros medios apropiados, como los electrónicos, cuando se disponga de ellos, sobre cualesquiera propuestas de planes, programas o disposiciones de carácter general, o, en su caso, de su modificación o de su revisión, y porque la información pertinente sobre dichas propuestas sea inteligible y se ponga a disposición del público, incluida la relativa al derecho a la participación en los procesos decisorios y a la Administración pública competente a la que se pueden presentar comentarios o formular alegaciones.

b) El público tenga derecho a expresar observaciones y opiniones cuando estén abiertas todas las posibilidades, antes de que se adopten decisiones sobre el plan, programa o disposición de carácter general.

c) Al adoptar esas decisiones sean debidamente tenidos en cuenta los resultados de la participación pública.

d) Una vez examinadas las observaciones y opiniones expresadas por el público, se informará al público de las decisiones adoptadas y de los motivos y consideraciones en los que se basen dichas decisiones, incluyendo la información relativa al proceso



Concello de Vigo

de participación pública».

Cuarta.- A Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula a consulta pública no artigo 133, a propósito da participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas con rango de Lei e regulamentos, do que merece destacarse o que segue:

«1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

- a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.*
- b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.*
- c) Los objetivos de la norma.*
- d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

2. Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieran afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.

3. La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia».

En termos algo máis amplos regula tamén a consulta pública o artigo 26 da lei do Réxime Xurídico do Sector Público, que fixa o prazo mínimo de audiencia ou información pública de 15 días hábiles, susceptible de ser reducido en caso de urxencia.

Polo exposto e conforme á Resolución de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019, pola que as competencias nesta materia de mobilidade corresponden á Concellería Delegada de Fomento e Servizos, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, coas indicacións que se conteñen no anexo que se achega ao presente acordo, para a aprobación do documento de Actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible da Cidade de Vigo, elaborado pola empresa EPTISA Servicios de Ingeniería S.L., a través do enlace <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 15 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no devandito anexo.

Segundo.- Dese traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO PARA A CONSULTA PÚBLICA

En cumprimento do artigo 101.5 da lei 2/2011, de economía sostible, 16 da Lei 27/2006, de 18 de xullo, sobre "Participación del público en la elaboración de determinados planes, programas y disposiciones de carácter general, relacionados con el medio ambiente" e 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, substánciase consulta pública, a través do portal web deste Concello, na que se insire o texto actualizado do Plan de Mobilidade urbana sostible da Cidade de Vigo, para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, potencialmente afectadas pola actualización do dito Plan, sobre os apartados seguintes.

A) Problemas que se pretenden solucionar co plan.

A falta de actualización das actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sostibles no ámbito xeográfico do termo municipal de Vigo e a súa área de influencia, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e doutros modos non motorizados de transportes e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social, seguridade vial e defensa do medio ambiente, garantindo, de esta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns. Estes planes deberán dar cabida a solucións e iniciativas novas, que reduzan eficazmente o impacto medioambiental da mobilidade, ao menor custe posible.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Dunha parte, a actualización do Plan de Mobilidade Urbana do Concello de Vigo ven motivada pola necesidade de cumprimentar un dos obxectivos específicos do Obxectivo Temático 4 da EDUSI Vigo Vertical, o Obxectivo Específico 4.5.1. *"Fomento de la mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión*



Concello de Vigo

urbana-rural, melloras na rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministro de enerxías limpas". O Programa Operativo Plurirrexional de España, no que se enmarca a Estratexia, establece que as accións a desenvolver para acadar os devanditos obxectivos xurdirán necesariamente dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

Doutra, os novos horizontes e cambios na lexislación e normativas do Estado e europea, que determinan, tamén, a necesidade de actualización do actual Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), co obxectivo de adaptarse ao novo marco estratéxico Estatal e Europeo; actualización que ten de levarse a cabo en consonancia coa metodoloxía establecida na "Guía práctica para a elaboración e implantación de Plans de Mobilidade Urbana Sostible" redactada polo IDAE e tendo en conta, igualmente, a proposta da Comisión Europea sobre Mobilidade Urbana Sostible, aprobada en 2013, COM (2013) 913 final, e a segunda edición das "Directrices Europeas para o Desenvolvemento e Implementación de Plans de Mobilidade Urbana Sostible".

C) Obxectivos da actualización do Plan de Mobilidade Urbana do concello de Vigo.

Os arriba sinalados.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

17(615).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN EXPRESA RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA PRÓRROGA AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA ESTIVAL EN PRAIAS 2020: QUIOSCOS LOTE 8 EN SAMIL. EXPTE. 14527/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I.- FEITOS

1.- A adxudicación das autorizacións a terceiros para a ocupación, instalación e explotación dos quioscos de temporada en praias no ano 2019, con ocupacións privativas do Dominio Público, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 13848/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de maio de 2019, acordou:

1. Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 1 “quiosco do areal da Punta (A Guía)”, 7 “quiosco do areal de Samil” e 11 “quiosco do areal da Etea”), cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.
2. Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.
3. Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.
4. Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.
5. Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.
6. Autorizar a D^a. ESTELA RIAL ABALDE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros.
7. En todo caso, deberán acreditar o pagamento do seguro esixido na cláusula décima do PCAP no prazo de 10 días.

Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno local e as ofertas presentadas.

- O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 11 de abril de 2019, establecía expresamente na cláusula terceira, apartado 4, que:

“4.- O Concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2020 (do 1 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020). Con carácter previo a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica (lotes 1, 9, 10 e 11) e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8) con cuxas condicións haberá que cumprir en todo momento.”



Concello de Vigo

Na cláusula cuarta, apartado 5, o prego sinala que:

“5.- No suposto de prórroga do contrato, o canon para a temporada do ano 2020 terá que aboarse antes do 31 de maio de 2020 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 2019 (temporada completa), sempre e cando sexa igual ou superior ó canon que resulte da aplicación das taxas das Ordenanzas fiscais municipais, incrementado, nos casos que proceda, co canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica. No caso de que o canon ofertado fose inferior, terá que abonar o que resulte da aplicación das ordenanzas fiscais municipais incremento, no seu caso, co canon do Servizo Provincial de Costas para esa tempada. ”

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de decembro de 2019, ditou resolución que na súa parte dispositiva di:

*“PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2020, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 14527/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:
(...)*

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requirit os adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019, que se cita na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE QUINCE DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte á notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2020 (01 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020), nas condicións no seu día aprobadas, nas que se citan neste acordo e das que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2020 para aqueles adxudicatarios que non se opoñan á prórroga da autorización; e proceder á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de

licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación, no seu caso, das autorizacións dos quioscos cuxos titulares da autorización se opoñan á prórroga da autorización para tempada 2020, de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

SEXTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros titulares das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra. ”

3.- En cumprimento do citado acordo, requiriuse a todos os adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2019, co obxecto da prórroga das autorizacións para o ano 2020.

Todos os titulares das autorización presentaron escritos aceptando a prórroga destas para o ano 2020.

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de maio de 2020, ditou acordo que na súa parte dispositiva, apartados PRIMEIRO e SEGUNDO, di:

“PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación e resolución do presente procedemento administrativo de núm. 14527/306, de prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areas do Concello de Vigo, ao abeiro dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Acordar a prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areas do Concello de Vigo, outorgados por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019 (Expte. 13848/306) a:

- D. MANUEL LAGO CHAPELA para os lotes 1 “quiosco do areal da Punta (A Guía)”, 7 “quiosco do areal de Samil” e 11 “quiosco do areal da Etea”, cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.

- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.

- D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.



Concello de Vigo

- D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.

- D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.

- D^a. ESTELA RIAL ABALDE para o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros,

para o período estival do ano 2020, comprendido dende 01 de xuño ó 30 de setembro de 2020 debendo cumprir en todo momento coas condicións no seu día aprobadas e as condicións xerais e particulares establecidas nas autorizacións sectoriais outorgadas por:

- Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica de data do 24 de febreiro de 2020, para ocupación do dominio público marítimo terrestre e servidume de tránsito dos quioscos nºs. 1 do areal de A Punta, 9 e 10 no areal de O Vao, e 11 no areal de A Etea (Documento 200031412, data 26/02/2020). Ocupacións máximas de 20 m² de superficie pechada e 50 m² de ocupación de terraza aberta, excepto o quiosco núm. 11 do areal da Etea que non ten superficie en terraza.

- Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de data do 31/03/2020, para a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre dos quioscos nºs. 2 no areal de Santa Baia, 3 e 4 no areal de Tombo do Gato, 5 no areal de Argazada, 6, 7 e 8 no areal de Samil (Documento 200046211, data 01/04/2020). Ocupacións máximas de 20 m² de superficie pechada e 50 m² de ocupación de terraza aberta, excepto o quiosco núm. 5 do areal de Argazada que ten 40 m² de ocupación de terraza aberta.

O emprazamento do quiosco 2 Areal de Santa Baia e do quiosco 3 Tombo de Gato, por motivo da implantación de puntos de conexión permanentes ós servizos de abastecemento, saneamento e electricidade, desprázanse minimamente conforme a documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada electronicamente 03/12/2019, a cal foi obxecto de aprobación pola XGL do 12/12/2019, e segundo a cal se outorgaron as autorización sectoriais.

Os adxudicatarios das autorizacións que se prorrogan deberán ingresar na Tesourería municipal do Concello de Vigo o importe do citado canon antes da instalación dos quioscos.”

5.- En data do 22/05/2020, enviáronse notificacións electrónicas do mencionado acordo ós interesados.

6.- En data 01/06/2020 (doc. 200097856), e, reiterado, o 06/11/2020 (doc. 200203921), dona Estela Rial Abalde adxudicataria do lote 8 Quiosco no areal de Samil, presenta escrito que se pode cualificar de recurso de reposición contra o referido acordo de prórroga no que pide a redución do canon establecido nun 70% invocando o restablecemento do equilibrio económico motivo pola COVID 19.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Xunta de Goberno Local do 21 de maio de 2020, prorrogou a autorización para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areais do Concello de Vigo, outorgados por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019 (Expte. 13848/306), entre os que se encontraba, o lote 8 “quiosco do areal de Samil”, adxudicado a D^a. Estela Rial Balde Abalde cun canon anual de 22.300 euros, para o período comprendido dende 01 de xuño ó 30 de setembro de 2020.

A autorización e para a instalación dun quiosco de tempada (venta de bocadillos, bebidas, xelados) móbil, desmontable, que non precisa de ningún tipo de obra de instalación cunha superficie de 20 m² pechada. Autorízase tamén, unha terrada aberta ó aire libre de 50 m² en terreos de dominio público municipal, zona verde, de Samil. Trátase, polo tanto, dunha ocupación privativa do dominio público municipal, na zona de servidume de dominio público marítimo terrestre, que permite a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), Regulamento de Bens das Entidades Locais en relación co artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, 49.1. do regulamento que a desenvolve, e decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019). O quiosco sitúase, polo tanto, fóra da praia, na parcela municipal de zona verde de Samil.

A prórroga da autorización acordouse de mútuo acordo entre as partes, xa que D^a Estela Rial Abalde mediante documento 200021348, de data 07/02/2020, manifestou o seu consentimento a prórroga que se aceptou por acordo da Xunta de Goberno Local do 21/05/2020, e sen que en ningún momento dese período - entre o 07/02/2020 e o 21/05/2020- se púxese de manifesto a súa renuncia á citada prórroga ou a oposición aos termos nos que estaba configurada esta.

No período de autorización do quiosco comprendido do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2020, estivo permitido o uso público das praias, paseos, zonas verdes e o quiosco puido exercer a súa actividade todos os días da autorización e sen restrición do horario ordinario establecido.

O Concello de Vigo non limitou, nin reduciu a ocupación máxima do areal de Samil, xa que se limitou a instalación duns marcadores espaciais con cintas de cores para que os usuarios da praia de Samil, puideran cumprir coas normas de distanciamento social fronte á COVID-19 de 1,5 m entre persoas non convivintes.

Por tanto, non se aprecia nin xustifican circunstancias concorrentes que motiven a redución do canon nun 70%.

A competencia para a resolución do presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 e 11 da disposición adicional segunda da LCSP, en relación co artigo 127.e) da LRBRL),

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:



Concello de Vigo

PRIMEIRO.- Desestimar expresamente o escrito presentado en data 01/06/2020 (doc. 200097856), reiterado o 06/11/2020 (doc. 200203921), de dona Estela Rial Abalde de redución do canon do 70%, contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 21 de maio de 2020, que prorrogou a autorización para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areais do Concello de Vigo, outorgados por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019 (Expte. 13848/306), entre os que se encontraba, o lote 8 “quiosco do areal de Samil”, adxudicada a D^a. Estela Rial Balde Abalde cun canon anual de 22.300 euros, para o período comprendido dende 01 de xuño ó 30 de setembro de 2020.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á recorrente, informándolle que contra este poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(616).- CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO. EXPTE. 36685/220.

Vista a certificación da Mesa Xeral de Negociación realizada o 05/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral, pola xefe de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concelleira delegada de Organización municipal, data de sinatura electrónica se constituíu “Grupo de Traballo para o estudo, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal”.

II.- Asinada proposta de “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo” para o grupo de traballo referido, a mesma foi notificada a Asesoría Xurídica e Secretaría de Goberno Local. Non consta a presentación de suxerencias ao documento.

III.- En data de sinatura electrónica a concelleira-delegada competente ditou instrución de servizo pola que dispuxo: “*Solicitar o estudio e formulación de nova proposta que, previa a análise de legalidade e viabilidade na xestión, contemple as posibilidades seguintes:*

** Posibilidade de establecer dúas prórrogas por período dun ano, respecto daquelas categorías de listas de reserva que están incluídas en Ofertas de Emprego Público pendentes de executar.*

** Posibilidade de que a comisión de seguimento de listas de reserva, teña unha composición de carácter técnico-sindical, dando continuidade ao grupo de traballo existente.*

** Unificar a terminoloxía utilizada, aos efectos da adecuada identificación do rexistro conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.*

** Análise da viabilidade de introducir a posibilidade de conformación de listas por concurso de méritos con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección."*

IV.- Analizados os puntos anteriores no Grupo de Traballo citado conclúese de maneira favorable, emitíndose Informe Proposta con revisión de criterios.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O acceso ao emprego público no Concello de Vigo, tal e como exigen os artigos 9.3, 14 e 103 da Constitución de 1978 en relación co establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, se realiza a través da pública convocatoria de procesos selectivos con respecto aos cales o artigo 55 indicado anteriormente sinala que:

"1. *Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.*

2. *Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:*

- **a)** *Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- **b)** *Transparencia.*
- **c)** *Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- **d)** *Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- **e)** *Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- **f)** *Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección."*

O mesmo texto refundido sinala que a incorporación de efectivos nas Administracións Públicas se realiza a través das ofertas de emprego público, de maneira que:

"1. *Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.*



Concello de Vigo

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos."

Debe considerarse, complementariamente, o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nos aspectos en que incida ou abunde ao contemplado na lexislación estatal básica (fundamentalmente, artigos 23 e 200).

II.- En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (Decretos de Alcaldía de 16/04/2021 e Acordo de XGL de 22/04/2021); así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

"PRIMEIRO.- Aprobar os "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo" e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra na páxina web municipal www.vigo.org, na Intranet Municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas do Contencioso e de Recursos e Asesoramento); Xefatura do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de Transparencia e na Intranet Municipal."

TERCEIRO.- Deixar sen efecto o acordo adoptado na sesión ordinaria de XGL de data 18 de decembro de 2015 polo que se aproban os criterios de xestión de listas de reserva, así como as modificacións puntuais dos mesmos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

“CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO

I.- OBXECTO E CONCEPTO DE LISTA DE RESERVA

Constitúe obxecto dos presentes criterios a xestión, supostos, incidencias e réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo.

As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.

II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA

As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino, e que se concretan en:



Concello de Vigo

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais, maternidade ou paternidade, ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.
- c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo establecido legalmente. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo subgrupo de titulación, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.

Cando se proceda a provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) (neste caso, solo nos programas de duración inferior a tres anos) ou d) do citado artigo.

En ningún caso se ofrecen novos nomeamentos a persoas que estean ocupando vacantes, nin programas de carácter temporal cunha duración prevista de tres anos, ata a cobertura ou amortización da vacante que ocupan, ou ata finalizar o programa.

Sen prexuízo do establecido anteriormente, se ofrecen os chamamentos que supoñan unha mellora de traballo (entendendo por mellora, nomeamentos para vacantes ou programas correspondentes a categorías superiores).

Unha vez ofrecido un nomeamento a un aspirante, e recibida a aceptación asinada polo mesmo, a persoa deberá ser nomeada no prazo máximo de dous meses. No caso de circunstancias sobrevenidas derivadas do servizo ao interese xeral, que impidan o nomeamento no prazo establecido, as cales deberán constar por escrito e ser incorporadas ao expediente; o aceptante poderá renunciar ao mesmo sen ser penalizado, e a Administración asume o compromiso de ofrecerlle o seguinte nomeamento, con carácter prioritario sobre os demais integrantes das lista.

As listas de reserva poderán ser utilizadas para o nomeamento de persoal laboral temporal, nos supostos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo

servizo correspondente, resulte necesario recorrer á dita lista, seguindo idéntica tramitación que no caso da selección de persoal funcionario.

III.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA

As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na normativa vixente en materia de transparencia, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.

Procedemento:

O nomeamento do persoal interino será acordado polo órgano municipal competente en materia de persoal consonte ao previsto na lexislación básica sobre réxime local e réxime de delegacións existentes no Concello de Vigo; previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior; a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.

A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada competente en materia de persoal. As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e normativa de concordante aplicación (Leis 29(2015 e 40/2015 de 1 de outubro).

A xestión das listas corresponderá á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, estando á disposición dos interesados na web municipal www.vigo.org en cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.

Os chamamentos se realizarán mediante os procedementos que se establecen a continuación.

a) Procedemento xeral: Se realizarán tres intentos de comunicación ou aviso vía telefónica, correo electrónico e/ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa, no prazo de dous días hábiles, cunha diferenza de ao menos 1 hora entre cada intento, dando un prazo dun día hábil para que mostren ou non a súa conformidade e aporten a documentación.

b) Para procedementos de cobertura de extrema urxencia: Se realizarán dous intentos de comunicación no mesmo día, cunha diferenza de ao menos unha hora entre cada intento. Nestos casos a oferta deberá ser aceptada ou rechazada no mesmo momento, debendo aportar a documentación requirida nun prazo de 12 horas.



Concello de Vigo

A estes efectos enténdese por supostos de extraordinaria urxencia, os derivados de situacións de saúde pública, crises sanitarias ou acontecementos catastróficos, así como en situacións debidamente xustificadas de necesidade inaprazable por razóns de interese público.

A existencia de extraordinaria urxencia deberá ser xustificada debidamente polo Servizo solicitante e acordado expresamente na orde de incoación de expediente da concellería delegada competente en materia de persoal.

Con carácter xeral para ambos procedementos:

. Tanto a aceptación como a renuncia dos nomeamentos deberán manifestarse por escrito. Se entenderá rexeitado tácitamente o ofrecemento no caso de que non se responda a chamada, correo electrónico ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa; ou non se teña recibida a aceptación nos prazos establecidos.

En caso de renuncia ao nomeamento, procederase ao chamamento ao aspirante seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.

. Nos casos de renuncia tácita, todos os intentos deberán quedar recollidos no expediente pola persoa encargada de efectualos os chamamentos. A persoa encargada de efectuar o chamamento, rexistrará mediante dilixencia asinada electrónicamente, os datos das chamadas efectuadas, número de intentos de chamada á mesma persoa, día e hora de chamada.

. É obriga dos interesados a actualización dos datos persoais. Os aspirantes deberán autorizar expresamente o tratamento dos datos persoais conforme ao previsto na LO vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mostrando a súa conformidade no escrito de aceptación.

. A aceptación e documentación requirida se presentará por calquera dos medios legalmente establecidos (preferentemente polo rexistro electrónico), xunto con declaración xurada conforme se reúnen os requisitos para o nomeamento ofrecido así como a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo nos termos da normativa vixente.

. Non poderá ser esixida a documentación que obre en poder da Administración.

En todos os casos, cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento segundo se establece na normativa vixente; éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:

a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.

- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;
- 2.- Incapacidade temporal (IT);
- 3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado
- 4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.
- 5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.
- 6.- Violencia de xénero.
- 7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:



Concello de Vigo

- 1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;
- 3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;
- 4.- Certificado de nacemento de fillo;
- 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección;
- 6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.

Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.

As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas.

V.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **5 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

VI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Existirá unha Comisión de Seguimento da utilización das listas de carácter técnico-sindical, encargada das incidencias referidas ás listas de reserva, e que deberá velar polo efectivo cumprimento dos presentes criterios, estando facultada para solventar as incidencias prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación.

A mesma estará integrada polos membros do grupo de traballo creado para o estudio, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal:

- 2 técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación.
- 1 técnico designado pola Intervención Xeral.
- 2 representantes do Comité de Persoal (comunicación electrónica de data 19/05/2021).
- 1 administrativo/a da Área de RRHH e Formación.

VII.- OUTRAS INCIDENCIAS

Nos supostos nos que en execución de sentenza deba modificarse o presente réxime de xestión das listas, a orde de prelación dos reservistas ou calquera outro aspecto, as medidas que correspondan serán adoptadas polo órgano municipal competente en virtude dos decretos e acordos de delegación competencial vixentes en cada momento, debendo comunicar tal incidencia á Comisión de Seguimento das listas.

Ás relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o Concello de Vigo seralles aplicables, o Dereito Administrativo, sendo impugnables os actos e acordos ditados no ámbito material indicado perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, e normativa de concordante e procedente aplicación. Elo sen prexuízo da competencia da xurisdición social para as impugnacións de contratacións laborais temporais.

19(617).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS, DE CATRO CONDUTORES BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2017-2108--2019. EXP. 37842/220.

Visto informe de fiscalización do 09/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, pola xefe de



Concello de Vigo

Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de vulgar as probas selectivas para prover en propiedade catro prazas de Conductor-bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2017 e, 2019, na súa sesión de 01 de xuño de 2021, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios do concurso-oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	FIGUEIRIDO PEIXOTO	R.	****8722**	7,030
2	MARTÍNEZ VILA	O.	****9773**	6,960
3	RODRÍGUEZ FREITAS	A.	****7308**	6,590
4	ÁLVAREZ ESTÉVEZ	A.	****7835**	6,500

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 03/06/2021.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, coa excepción do aspirante núm. 3-D. A. Rodríguez Freitas, que en data 14/06/2021, a través do rexistro xeral do concello, presentou escrito contido no doc. 21014638, anexado ao expediente de referencia, renunciando ao seu nomeamento como condutor-bombeiro en prácticas por ter superado tamén o proceso selectivo correspondente a praza de bombeiro, e ser proposto para a mesma con ocasión do expediente 37854/220, polo que en consecuencia propónse para o seu nomeamento como condutor-bombeiro en prácticas ao primeiro aspirante da lista complementaria por orde de puntuación, resultando ser o aspirante num. 5 D. D. Pérez Lorenzo, DNI núm. ****4531**, cunha puntuación total de 6,180 puntos.

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar o curso selectivo previsto na base IX das específicas, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da

Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio, e Xestión Municipal, segundo as coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade coas delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local do 22/04/2021, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de RRHH que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Conductor-Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios do concurso-oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	FIGUEIRIDO PEIXOTO	R.	****8722**	7,030
2	MARTÍNEZ VILA	O.	****9773**	6,960
4	ÁLVAREZ ESTÉVEZ	A.	****7835**	6,500
5	PÉREZ LORENZO	D.	****4531**	6,180

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso selectivo, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso selectivo contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o referido curso selectivo, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.



QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(618).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE 12 BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 37854/220.

Visto informe de fiscalización do 09/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, pola xefe de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade doce prazas de Bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2018 e, 2019, na súa sesión de 07 de xuño de 2021, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios do concurso-oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	Seijo Castro	D.	***7857**	8,55
2	Ferro Lea	D.	***5732**	8,21
3	González Davila	I.	***6533**	7,89
4	López Roselló	J.	***8268**	7,81
5	Álvarez Moreira	J.	***6125**	7,70
6	Alonso Canteli	G.	***0761**	7,67
7	López Núñez	M.	***9447**	7,46
8	Pérez Correa	A.	***9080**	7,46
9	Martínez García	B.	***8624**	7,42
10	Delgado Franco	P.	***7854**	7,37
11	González García	D.	***7427**	7,32
12	Rodríguez Freitas	A.	***7308**	7,32

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/06/2021.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases e que figura anexada ao expediente.

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar o curso selectivo previsto na base IX das específicas, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio, e Xestión Municipal, segundo as coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade coas delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local do 22/04/2021, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de RRHH que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios do concurso-oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1	Seijo Castro	D.	***7857**	8,55
2	Ferro Lea	D.	***5732**	8,21
3	González Davila	I.	***6533**	7,89
4	López Roselló	J.	***8268**	7,81
5	Álvarez Moreira	J.	***6125**	7,70
6	Alonso Canteli	G.	***0761**	7,67
7	López Núñez	M.	***9447**	7,46
8	Pérez Correa	A.	***9080**	7,46
9	Martínez García	B.	***8624**	7,42
10	Delgado Franco	P.	***7854**	7,37



Concello de Vigo

11	González García	D.	***7427**	7,32
12	Rodríguez Freitas	A.	***7308**	7,32

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso selectivo, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso selectivo contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o referido curso selectivo, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(619).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO/A PEÓN. EXPTE. 38010/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/07/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, pola xefe de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 31 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Operario/a Peón, expte. 37304/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 71 de data 16 de abril de 2021.

II.- Por Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 28/05/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 37445/220.

O Programa Vigo en Festas 2021 aprobado pola Xunta de Goberno local de data 4 de xuño de 2021 contempla o desenvolvemento da actividade Ciclo de bandas de Música “Ao son das Festas de Vigo.

Tal e como se determina no art. 116 da LCSP, xustifícase a presente contratación do servizo, toda vez que o Servizo de Festas no dispón dos recursos necesarios para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para afrontar todas as necesidades derivadas da realización deste servizo faise necesaria a contratación externa do mesmo.



Concello de Vigo

4.- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

4.1.- Procedemento de adxudicación.

O procedemento de adxudicación do presente contrato de servizos, a vista do seu valor estimado, será aberto regulado no artigo 156 da LCSP, con arranxo a criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, polo que todo empresario poderá presentar unha proposición. cun solo criterio de adxudicación, o prezo.

No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 da LCSP, trátase dun contrato de servizos.

4.2.-Forma de tramitación:

O expediente tramitarase polo procedemento **urxente**.

Xustificación da urxencia: a urxencia da contratación ven motivada pola necesidade da adxudicación do contrato con anterioridade a execución da actividade festival de verán do Programa Vigo en Festas aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9.06.2020, non habéndose tramitado con coa antelación suficiente en atención ao seguinte

- - Como consecuencia da situación do COVID-19, estivemos en situación de emerxencia sanitaria ata o pasado 7 de maio de 2021, no que se levantou o estado de alarma.
- Neste contexto, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos e co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica a Xunta de Goberno Local en sesión de data 4.6.21 prestou aprobación ao Programa de Vigo en Festas 2021 que comprende, entre outros, a realización dun Festival de verán con concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade actividades que, en todo caso, desenvolveranse conforme as medidas de prevención en materia COVID establecidas pola autoridade sanitaria e medidas de seguridade que correspondan segundo o marco legal vixente.

E por isto que o Concello, a proposta do servizo de festas, non puido aprobar e determinar o contido do Programa Vigo en Festas 2021 (aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 4.6.2021) ata a publicación das medidas preventivas por parte da autoridade sanitaria respecto da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, polo que unha vez determinado e co fin do seu desenvolvemento na tempada estival considerase conforme ao interese xeral a tramitación urxente do expediente.

4.3.- O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes:

92312130-1 Servicios artísticos de bandas de músicos.

79952000-2- Servizo de eventos

5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

5.1.- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de 59.000,00 euros (IVE excluído), ao que hai que engadir 12.390,00 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo por tanto, o presuposto á cantidade de 71.390,00 **euros** (IVE incluído).

O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación de actividades musicais de bandas os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.

Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2021.

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo en anos anteriores.

Unidades	Descrición servizo	Importe/€
18	Actuacións musicais en diferentes ubicacións de barrios e parroquias da cidade. Inclúese as cadeiras para os músicos.	36.000,00 €
1	Coordinación das actuacións	7.700,00 €
1	Instrumental	9.000,00 €
1	Equipos de son (18 actuacións x 350,00 €)	6.300,00 €
	SUBTOTAL VALOR ESTIMADO	59.000,00 €
	IVE 21%	12.390,00 €
	TOTAL (IVE incluído)	71.390,00 €

O prezo de cada actuación ascende 3.966,11 (IVE incluído)

5.2.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificación nin prórroga.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a 59.000,00 euros



Concello de Vigo

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

5.3.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o ive.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

6.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

Prazo de execución

O contrato ten unha duración de tres meses contados dende a data de formalización do contrato administrativo.

Prórroga

Non está prevista a realización de prórroga.

9.-SOLVENCIA

A solvencia acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocios. Considérase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos incluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
- ao 70% do valor estimado do contrato ou lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
- ao 70% da anualidade media do prezo do contrato ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas: Ata 100 puntos

Terase en conta como criterios de valoración, avaliável mediante fórmulas os seguintes:

- Redución do prezo máximo do contrato ata un máximo de 70 puntos.
- Incremento do tempo duración de cada unha das actuacións sobre o mínimo esixido no prego de prescricións técnicas (45 minutos).- cada tramo de cinco minutos valorarase con 10 puntos ata máximo de 30 puntos

Para valorar este criterio aplicarase a fórmula establecida no apartado xustificación das fórmulas desta memoria.

XUSTIFICACIÓN DAS FÓRMULAS

2.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:



Concello de Vigo

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Calculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ó Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que contendan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde na que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 %. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate, efectuarase un sorteo.

11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- a) Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.



Concello de Vigo

- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

12.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

13.- PRAZO DE GARANTÍA.

Non se considera necesario o establecemento de prazo de garantía. Dada a natureza do contrato, no momento de dar conformidade ao mesmo determinarase a súa correcta execución, quedando nese momento extinguida a responsabilidade do contratista.

14.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.

14.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións.

15.- RESPONSABLE DO CONTRATO

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será o Xefe/a ou o técnico/a responsable do Servizo, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación das correspondentes facturas con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

O pago do prezo do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, que serán conformadas polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

- Un 25% o inicio do contrato por canto é necesario adquirir recursos materiais para o desenvolvemento do mesmo.

- O 75% restante unha vez executados os 27 actuacións incluídos no obxecto do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar as facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- c) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL.

17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros derivada da execución do contrato.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, correduría e asesoramento profesional para a xestión dos riscos en que poida incurrir esta Administración con ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A. 986439600.

18.- LUGAR DE ENTREGA

Os traballos obxecto deste contrato terán lugar nas distintas localizacións dos distintos barrios, parroquias e núcleos urbanos do Municipio de Vigo segundo o calendario de actuacións que determine o servizo de Festas dentro do Programa Vigo en Festas 2021. O lugar concreto seralle comunicado polo responsable do contrato cunha antelación de dous días.

19.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DOS EVENTOS

1.- Por causa grave ou de forza maior:

En caso de suspensión de algún concerto nas datas sinaladas en primeiro término acordarase entre o Servizo de Festas e a empresa contratista unha nova data para a súa realización dentro do prazo total de execución do contrato e, se nos fose posible, abonarase ao contratista o servizo realizado. Enténdese por causa grave ou de forza maior, entre outras, o perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas e inclemencias meteorolóxicas,

2.- Polas medidas do covid 19:

Se algún concerto non puidese celebrarse na data prevista debido ás restricións e medidas extraordinarias impostas polas autoridades competentes ante a pandemia do Covid-19, establecerase de mutuo acordo entre as partes unha nova data de celebración dentro do prazo total de execución do contrato e, se nos fose posible, abonarase ao contratista o servizo realizado.



Concello de Vigo

20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Conforme o establecido no art. 202 la LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social:

Coa finalidade de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten la igualdade entre mulleres e homes no traballo:

A empresa contratista garantirá a igualdade entre mulleres e homes no trato, no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.

Así mesmo, durante a execución do contrato, a empresa contratista manterá medidas que favorezan a conciliación persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución.

A adxudicataria, con carácter previo á formalización do contrato, deberá indicar á responsable do contrato as medidas de conciliación e igualdade a adoptar.

III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: *Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade Ciclo de bandas de Música "Ao son das Festas de Vigo" dentro do Programa "VIGO EN FESTAS 2021" - Festival de Verán.*

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de xullo de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 9 de xullo de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO CICLO DE BANDAS DE MÚSICA "AO SON DAS FESTAS DE VIGO" 2021.

Cuarto: *Autorizar o gasto polo importe base de licitación 71.390,00 euros (IVE incluído). e sendo o valor estimado do contrato de 59.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)>>*

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(622).- BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2021. EXPTE. 18280/77

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 02/07/2021 e o informe de fiscalización do 15/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 02/07/2021, asinado pola técnico de xestión do servizo (instrución do 28/06/2021), polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Cultura e Emprego pon en marcha a presente convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2021**, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias*



Concello de Vigo

atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Os/as beneficiarios/as poderán optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos): como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 13 de agosto de 2021, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións): nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as

contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 13 de agosto de 2021 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o servizo Público de Emprego (SPEG).

IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Cultura e Emprego, defínense os seguintes colectivos preferentes e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria increméntase o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Nos apartados *a.1. e b.1 Beneficiarios*: a presente convocatoria cun carácter xeneralista vai dirixida ás persoas emprendedoras e empresas de capital privado, con o sin personalidade xurídica. Incorpórase a condición de que as empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) reiniciaran a súa actividade empresarial e



Concello de Vigo

incorporado á totalidade do persoal afectado coa xornada laboral preexistente, agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto; o que tamén se reflicte nas *obrigas a.4.7 e b.4.8*.

- Nas *bases a.2.9 e b.2.8*, respecto da convocatoria anterior, pasa a ser necesario a autorización expresa para a consulta e verificación do cumprimento das obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social o que se reflicte no *Anexo I*.

- Nas *bases a.3 e b.3 Tipos e contías da axuda* se establece unha contía de 500€ por solicitante que reúna as características dunha micropeme. Esta contía aplicarase só unha vez por solicitante con independencia do número de solicitudes presentadas e da modalidades da axuda pola que opte.

- Nas *bases a.4.3 e b.4.3* elimínase a obriga de comunicar o incremento de xornada no prazo de 15 días, só se reflicte que se poderá incrementar a xornada laboral, nunca reducir.

- Nas *bases a.5.2. e b.5.2 Documentación*, se inclúen entre os documentos da solicitude que, de ser o caso, é necesario achegar documento acreditativo do reinicio da actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente, así como declaración responsable para a acreditación de ser micropeme.

- Nas *bases a.6. e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento* se introduce o parágrafo “ *O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 15 de novembro de 2021*” coa finalidade de establecer unha data límite de recepción de documentación da beneficiaria para que o trámite de xustificación e pago da axuda resulte máis áxil.

- No *Anexo I. Solicitude* elimínase a táboa dos datos do representante e se inclúen dentro da táboa dos datos do solicitante e incorpora as modificacións contempladas nas bases reguladoras.

- No *Anexo II. Consulta do padrón municipal* da/s persoa/s traballadora/s pola/s que se solicita subvención na táboa para cubrir os datos da/s persoa/s traballadora/s polas que se solicita a axuda se elimina a columna de data a efectos de simplificar a súa cumprimentación.

- Incorporárase o *Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme* o que da lugar a modificación da numeración dos seguintes anexos respecto da convocatoria anterior.

- No *Anexo IV. Oferta de emprego* se actualiza a súa presentación e contido.

- No *Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida* se modifica a redacción do texto para facilitar a súa comprensión.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2021 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2021 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **100.000,00€** (cen mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

AA Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **75.000,00€** (setenta e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410470 00 06 – Axudas á contratación.

BB Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

O límite máximo de subvención por empresa solicitante non poderá exceder, polo conxunto das contratacións e/ou transformacións de contrato realizadas, de 10.000,00 €, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotase o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.



Concello de Vigo

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas Municipais á Contratación” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das

delegacións competenciais efectuadas na data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 100.000,00 € (cen mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2021.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2021, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(623).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron nin rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

O CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.